

Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Mazaricos relativo ás actuacións de mellora da accesibilidade ao Coto Xallas-Beba

1. Antecedentes

O 07.11.2011 o xulgado do Penal núm. 1 da Coruña ditou sentenza no Procedemento abreviado 315/2009 no que se condenou á empresa Ferroatlántica, SL a indemnizar na contía de 305.954,33 euros a Xunta de Galicia, a Salmo Club de Pesca e a Federación Galega de Pesca polos danos ocasionados.

A sentenza determina que da dita indemnización 265.954,33 € corresponden á Xunta de Galicia, titular do ben xurídico tutelado, e que se deben empregar na rexeneración do ecosistema afectado.

O 14.05.2012 a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Augas de Galicia, a Federación Galega de Pesca e o Club de Pesca Deportiva Salmo formalizaron un protocolo para establecer as pautas de coordinación para a recuperación do coto de pesca do río Xallas.

No ámbito da mutua colaboración para o cumprimento dos obxectivos fixados no citado Protocolo se levaron a cabo distintas actuacións dende a formalización deste. Agora Augas de Galicia no cumprimento da antedita sentenza e en coordinación coas demais partes afectadas, ten previsto executar o proxecto construtivo de “Mellora da accesibilidade ao Coto Xallas-Beba”. As obras obxecto deste proxecto consisten na renovación de sete pasos de pescadores e a creación de dúas plataformas de pesca en Colúns que permitan a práctica da actividade deportiva a persoas con mobilidade reducida. Parte dos citados pasos de pescadores e as plataformas executaranse dentro do termo municipal do Concello de Mazaricos.

2. Obxectivos que se pretenden

Establecer as condicións básicas para a colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello Mazaricos para que, unha vez executadas as obras de “Mellora da accesibilidade ao Coto Xallas-Beba”, se formalice a entrega ao Concello de Mazaricos das infraestruturas que se atopen no seu termo municipal.



3. Necesidade da colaboración, razóns de oportunidade e xustificación da non concorrencia

O artigo 57 da Lei de bases do réxime local, e o 194 da Lei da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular a colaboración de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector publico, de acordo co establecido nos artigos 4 e 6 da antedita lei.

4. Estimación de custos e financiamento

Augas de Galicia non asume ningunha obriga económica coa formalización deste convenio.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela
A directora de Augas de Galicia
Teresa María Gutiérrez López
(*asinado dixitalmente*)

